

1

Martín Codax

Mandado hei comigo
ca vén meu amigo,
e irei, madre, a Vigo.

Comigo hei mandado
ca vén meu amado,
e irei, madre, a Vigo.

Ca vén meu amigo
e vén san e vivo,
e irei, madre, a Vigo.

Ca vén meu amado
e vén vivo e sano,
e irei, madre, a Vigo.

Ca vén san e vivo
e d'El Rei amigo,
e irei, madre, a Vigo.

Ca vén vivo e sano
e d'El Rei privado,
e irei, madre, a Vigo.

A presente cantiga foi composta a partir da segunda metade do século XIII polo xograr, posiblemente vigués, Martin Codax. Trátase dunha das sete composicións que se conservan do autor contidas no chamado *Pergamiño Vindel*, folla do estilo das empregadas polos xograres nas súas representacións. Como peculiaridade, cómpre salientar que esta é unha das seis composicións que chegaron a nós coa notación musical, importantísimo para sabermos como era a melodía deste tipo de cantigas.

A composición pertence ao xénero das *cantigas de amigo*, as características máis sobranceiras que nos permiten identificala coma tal é o emprego dun eu lírico feminino (segundo a *Arte de Trobar*, trazo de finitorio das cantigas de amigo); a presenza do *amigo* e, neste caso, a figura da nai como interlocutora da namorada.

No poema, unha moza ten noticia do regreso do seu amigo, san, vivo e como privado do rei, polo cal se alegra e anúncialle á súa nai o desexo de ir a Vigo recibilo, cidade recorrente na obra deste xograr. Débese interpretar que o amigo regresa da guerra, concretamente dalgunha campaña de “reconquista” das promovidas polos reinos cristiáns no sur da Península contra os musulmáns, xa que este tipo de composicións se adoitaban interpretar con motivo da marcha das hostes cristiás enviadas a Andalucía.

Tocante á estrutura, a idea principal, o regreso do amigo, aparece exposta na primeira estrofa (*Mandado hei comigo / ca vén meu amigo, / e irei, madre, a Vigo*). As restantes cinco estrofas repiten este motivo principal con lixeiras variacións e sen apenas progresión. Esta estrutura repetitiva, idónea para o canto, conséguese a través dunha serie de artificios literarios, típicos da lírica medieval galego-portuguesa, que pasamos a comentar.

Dende o punto de vista formal, a composición axústase totalmente á tradición da cantiga de amigo. Está composta por estrofas de dous versos pareados máis un refrán, e seguen o paralelismo, que é o trazo máis significativo deste tipo de cantigas.

O paralelismo é un procedemento repetitivo que enlaza as estrofas de dúas en dúas, facendo que os versos da segunda estrofa sexan unha pequena variante dos versos da primeira. Cada unha das estrofas presenta dous versos seguidos dun refrán, tal e como observamos na cantiga de Martin Codax:

Mandado hei comigo	A
ca vén meu amigo,	B
<i>e irei, madre, a Vigo.</i>	<i>refrán</i>

Comigo hei mandado	A'
ca vén meu amado,	B'
<i>e irei, madre, a Vigo.</i>	<i>refrán</i>

Ademais do paralelismo, a composición estrutúrase mediante outro dos procedementos formais típicos das cantigas de amigo que serve para encadear os sucesivos pares de estrofas: trátase do leixaprén. Este recurso consiste na repetición dos segundos versos dun par de estrofas como primeiros versos do par seguinte, tal e como podemos comprobar:

Mandado hei comigo ca vén meu amigo, <i>e irei, madre, a Vigo.</i>	A B <i>refrán</i>
Comigo hei mandado ca vén meu amado, <i>e irei, madre, a Vigo.</i>	A' B' <i>refrán</i>
Ca vén meu amigo e vén san e vivo, <i>e irei, madre, a Vigo.</i>	B (2º verso recollido da 1ª estrofa do 1º par) C <i>refrán</i>
Ca vén meu amado e vén vivo e sano, <i>e irei, madre, a Vigo.</i>	B' (2º verso recollido da 2ª estrofa do 1º par) C' <i>refrán</i>

A xeito de conclusión, pódese dicir que esta composición (re)escrita por Martin Codax ao xeito tradicional serve de exemplo perfecto para ilustrar en que consiste a cantiga de amigo, xénero máis significativo da nosa lírica medieval por presentar características temáticas e formais que o distinguen do resto da lírica galego-portuguesa, características que beben da tradición popular do noso pobo, anterior ao trobadorismo.

2

D. Dinís

Non chegou, madre, o meu amigo,
e hoj'ést'o prazo saído!
ai, madre, moiro d'amor!

Non chegou, madre o meu amado
e hoj'ést'o prazo pasado!
ai, madre, moiro d'amor!

E hoj'ést'o prazo saído!
Por que mentiu o desmentido?
ai, madre, moiro d'amor!

E hoj'ést'o prazo pasado!
Por que mentiu o perjurado?
ai, madre, moiro d'amor!

Por que mentiu o desmentido
pesa-mi, pois per si é falido.
ai, madre, moiro d'amor!

Por que mentiu o perjurado
pesa-mi, pois mentiu a seu grado.
ai, madre, moiro d'amor.

Esta composición, escrita polo rei don Dinís, é unha cantiga pertencente á lírica medieval galego-portuguesa. Sabemos que é unha cantiga de amigo porque aparece a palabra amigo, a voz poética é feminina e a temática é amorosa.

Dende o punto de vista formal a composición está dividida en seis estrofas que constan de dous versos e un refrán. Son pareados con rima asonante (a a R) e presentan paralelismo perfecto con leixaprén segundo o seguinte esquema: ABR- A'B'R- BCR- B'C'R- CDR -C'D'R. En canto aos recursos estilísticos, destaca o emprego dunha hipérbole no refrán (moiro de amor) que fai fincapé no estado de desesperación que sofre a namorada.

Atendendo ao falante lírico, podemos dicir que na cantiga aparece a voz dunha moza namorada. Está dirixida á nai, que funciona como confidente da pena que sente pola ausencia do namorado, dado que este non se presentou á cita que tiñan concertada. O tema é a tristura producida polo encontro frustrado.

Pódense distinguir varias partes na composición e unha certa progresión ou avance narrativo. Nas dúas primeiras estrofas a amiga cóntalle á nai que xa pasou o prazo fixado para atoparse co seu amigo e que non se produciu o encontro. Nas dúas seguintes acusa ao amigo de mentirlle e pon en dúbida a súa honestidade (desmentido, perjurado). Finalmente, fai patente o seu malestar criticando duramente ao seu namorado dicindo que mentiu por vontade propia e que cometeu un gran erro xa que el é o único responsable de que non se producira o encontro. Semella como se a medida que avanza a acción, fose medrando a desesperación da namorada e, por conseguinte, endurecéndose o ton empregado. Na cantiga non aparece ningunha referencia á natureza nin se pode asociar con ningún tipo concreto de ambientación.

Como conclusión, podemos dicir que a cantiga amosa a desesperación e a frustración da amiga ante a imposibilidade de manter un encontro amoroso co seu namorado. Destaca o personaxe da nai, na cal a filla deposita a súa total confianza para manifestarlle a tristura inicial e o posterior anoxo.

Comentario dunha cantiga de amigo

-Digades, filha, mia filha velida:
porque tardastes na fontana fría?
Os amores hei.

-Digades, filha, mia filha louçana:
porque tardastes na fría fontana?
Os amores hei.

-Tardei, mia madre, na fontana fría,
cervos do monte a augua volvían.
Os amores hei.

-Tardei, mia madre, na fría fontana,
cervos do monte volvían a augua.
Os amores hei.

-Mentir, mia filha, mentir por amigo!
Nunca vi cervo que volvesse'o río.
Os amores hei.

-Mentir, mia filha, mentir por amado!
Nunca vi cervo que volvesse'o alto.
Os amores hei.

PERO MEOGO [B 1192 / V 797]

1. Autor, obra, contexto.

Esta cantiga de Pero Meogo é unha das 1680 composicións poéticas profanas que foron escritas entre finais do século XII e mediados do XIV en galego-portugués. O nacemento desta literatura produciuse baixo unhas condicións de prosperidade social e económica. Precisamente Galicia atravesa unha etapa histórica de desenvolvemento nestes séculos a pesar da progresiva perda de poder político.

Como acontece en case todas as literaturas, as primeiras manifestacións da literatura galega son de carácter lírico. E, aínda que o motivo determinante de que xurda por escrito a finais do século XII é o influxo do lirismo provenzal, hai indicios e probas da existencia en Galicia dunha tradición popular oral que se vai incorporar ao trobadorismo. Os primeiros compositores galegos comezan imitando a moda literaria que vén de Provenza, pero ao tempo inclúen no seu repertorio cantigas de tipo tradicional galego, a imitación das que cantaban as mulleres populares, que se transmitían por tradición oral. E iso produciuse nas denominadas *cantigas de amigo*, como a que é obxecto deste comentario.

A maioría dos poetas do noso trobadorismo son galegos e portugueses, pero tamén os hai doutras procedencias, posto que o galegoportugués se converteu na lingua lírica peninsular durante os séculos XIII e XIV. No caso de Pero Meogo, o autor desta cantiga, poucos datos se teñen sobre a súa vida, mais probablemente fose un clérigo galego que viviu probablemente na segunda metade do século XIII. As nove cantigas de amigo deste xograr teñen unha grande unidade temática e recorren a miúdo aos mesmos símbolos eróticos, fundamentalmente o cervo e a auga.

A presente cantiga está recollida no *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa* co número 1192. Este cancionero era coñecido polo nome de “Cancioneiro Colocci-Brancuti” desde que foi descuberto en Italia a finais do século XIX, pero na primeira metade do século XX foi adquirido polo goberno portugués. Ten máis de mil seiscentas cantigas dos diferentes xéneros. A colección de cantigas vai precedida dun tratado de poética (*Arte de Trovar*), que estuda os diversos tipos de composicións e os trazos formais que as caracterizan. No *Cancioneiro da Vaticana* tamén aparece esta cantiga coa numeración 797.

2. Tema.

Unha nai pregúntalle á súa filla o motivo da súa tardanza na fonte. Esta contéstalle que o motivo foi a presenza de cervos que revolvían a auga. A nai non acepta a desculpa e dille que está mentindo, que o verdadeiro motivo da súa tardanza foi porque estivo na fonte co seu amigo. A presenza da palabra “amigo” e o feito de que a voz poética sexa unha muller, alén das formas típicas, lévanos a identificar claramente este texto como unha cantiga de amigo.

Trátase dunha cantiga de amigo dialogada na que interveñen a nai e a filla. O papel que lle corresponde neste caso á nai é basicamente o de vixilancia e control. A filla aparece caracterizada como “velida”, “louçana”.

Os elementos da natureza cobran especial importancia e o seu valor como símbolos eróticos son evidentes. O cervo representa o amigo e convértese en símbolo erótico. A virilidade do macho revolve a auga, símbolo esta de feminidade e representación da amada.

O refrán funciona a nivel temático como un xeito particular de conclusión: teño amores.

3. Forma.

Dende o punto de vista da forma, o trazo máis distintivo desta cantiga é o paralelismo literal. Este é un procedemento repetitivo que enlaza as estrofas de dúas en dúas, facendo que os versos da segunda estrofa sexan unha pequena variante dos da primeira:

-Digades, filha, mia filha **velida**: A
porque tardastes na **fontana fría**? B
Os amores hei.

-Digades, filha, mia filha **louçana**: A'
porque tardastes na **fría fontana**? B'
Os amores hei.

Nos primeiros versos das dúas primeiras estrofas o paralelismo prodúcese con substitución da última palabra (“velida”) por outra co mesmo significado (“louçana”). Nos segundos versos acóllese á alternancia: “fontana fría?”, “fría fontana?”. Nas seguintes estrofas, tanto nos primeiros como nos segundos versos temos paralelismo con variación por alternancia: “fontana fría?”, “fría fontana?”, e “a auga volvían”, “volvían a auga”.

Por outra banda, cada unha das estrofas presenta dous versos seguidos dun refrán que se repite ao longo da cantiga: “Os amores hei”.

Ao ser esta unha cantiga dialogada con intervencións que ocupan dúas estrofas, non se observa o leixaprén, é dicir, a repetición dos segundos versos dun par de estrofas como primeiros versos do par seguinte. Aínda así, nos dous primeiros pares de estrofas pódese apreciar unha recolleita paralelística en canto a que a resposta da filla se constrúe en base á pregunta que a nai lle fai:

-Digades, filha, mia filha velida:
porque **tardastes na fontana fría**?
Os amores hei.

-**Tardei**, mia madre, **na fontana fría**,
cervos do monte a auga volvían.
Os amores hei.

-Digades, filha, mia filha louçana:
porque **tardastes na fría fontana**?
Os amores hei.

Tardei, mia madre, **na fría fontana**,
cervos do monte volvían a auga.
Os amores hei.

En todo caso, non se produce no seguinte par de estrofas.

4. Conclusión.

Estamos ante unha cantiga de amigo, unha breve canción que reproduce o diálogo entre unha nai e unha filla sobre o motivo da tardanza desta en chegar á casa. Presenta características temáticas e formais que a distingue, como cantiga de amigo, do resto da produción lírica medieval, a o proceder dunha tradición autóctona anterior ao trobadorismo. Nesta, a natureza cobra un papel relevante, e máis alá de constituír un simple escenario, presenta un valor simbólico no que as connotacións eróticas do cervo e a auga están en perfecta comunión co mundo cultural galego do medievo.

A nivel formal a cantiga está construída en base a tres pares de estrofas paralelísticas de dous versos máis refrán, aínda que non aparece o leixaprén ao ser esta unha cantiga dialogada.